



VI CARREIRA POPULAR DE MONDARIZ



1.- REGULAMENTO

PREVIO Á CARREIRA

Art. 1º.- **Todos os participantes** polo feito de inscribirse declaran coñecer, entender e aceptar o presente regulamento

Art. 2º.- O concello de Mondariz, con CIF: P-3603000-E coa colaboración da Asociación Deportiva Mondariz con CIF G94138070, Organizan, o sábado 24 de setembro de 2022, a partires das **17:30 horas** a “**VI Carreira Popular de Mondariz**” sobre un trazado urbano de 7 Km.

Art. 3º.- **PARTICIPANTES E CATEGORIAS.**

Poderán participar todas aquelas persoas, federadas ou non, que o desexen sempre que estean inscritas, nos prazos establecidos para o efecto pola organización, e cumpran as condicións de participación.

Categorías Establecidas:

A proba estará aberta a todos os atletas que estén comprendidas entre as seguintes idades.

Categoría de menores:

CADETES: Nados entre os anos 2007/2008

INFANTILES: Nados entre os anos 2009/2010

ALEVINES: Nados entre os anos 2011/2012

BENJAMINES: Nados entre os anos 2013/2014

PREBENJAMINES: Nados entre os anos 2015/2016

PITUFOS: Nados entre os anos 2017/2018

CHUPETES: Nados entre os anos 2019/2020

Categoría Absoluta:

SENIOR: Nados entre os anos 2006/1987.

VETERANOS A: Nados entre os anos 1986/1977

VETERANOS B: Nados no ano 1976 en diante.

Art. 4º.- **CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN.**

As persoas participantes comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación da proba, obrigada por causas alleas á vontade da organización.

O feito de inscribirse implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que se expoñen deseguido:

- Cada corredor participa baixo a súa enteira responsabilidade, afirma posuír un nivel de condición física suficiente para afrontar a proba e ter pasado os pertinentes controis médicos de saúde.
- A organización non se fai responsable de calquera lesión ou padecemento por imprudencia, negligencia ou falta de forma física do/a participante.
- O/A participante exime de toda responsabilidade á organización de calquer perxuízo que puidera derivarse da súa participación no evento (Ex. Perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias, perigo de lesións, atropelos, agresións...)
- Autorízase á organización o uso de calquera imaxe en publicacións, carteis ... para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa e por escrito dirixida o concello de Mondariz.

A Organización resérvase o dereito a rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións expostos no presente regulamento. No caso de dúbida, ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña a Organización.

Art. 5º.- **INSCRICIÓN.**

Faranse na web **Championchipnorte.com**, ata as 23:59 horas do XOVES 22 de setembro de 2022, **non se admitirán nin inscricións posteriores nin o mesmo día da proba.**

O custe da inscrición será de 5 euros por participante, agás as categorías de menores.

A inscrición considerase finalizada ao facer o pago desta e non se retornará o importe da inscrición por ningunha circunstancia.

A inscrición da proba é persoal e intransferible.

A inscrición na proba absoluta quedará limitada a 200 participantes.

A inscrición de menores poderá facerse a través do formulario disposto na web da organización: admondariz.org ou na paxina web championchipnorte.com, indicando nome e apelidos, data de nacemento, dirección, teléfono de contacto e DNI se o tivese.

O DÍA DA PROBA

Art. 6º.- **RECOLLIDA DE DORSAIS.**

Farase na zona de saída, na Casa Rectoral de Mondariz, nun lugar habilitado pola organización, a partires das 15:30 en diante.

O dorsal terá que ir colocado na parte dianteira ben visible en todo momento, sen que poida ser tapado por un chaleco, chaqueta ou calquer outra prenda.

Na mesma zona farase a entrega da bolsa do corredor.

Os participantes disporán dun servizo de gardarroupa na zona de saída e meta.

Art. 7º.- **PERCORRIDO.**

A carreira absoluta fará un percorrido de 7 km, comprendendo parte urbana po las ruas de Mondariz e rematará no centro do pobo.

Dando comenzo a proba as 18:30h

O corte da carreira será de unha hora, Todo aquel que non chegou a meta despois deste tempo, quedaría descalificado.

As carreiras de menores faranse por un circuito totalmente urbano, realizandose na seguinte orde e horario:

17:30 h- CADETES: Nados entre os anos 2007/2008 *Circuito de 1500m (aprox)*

17:40 h- INFANTILES: Nados entre os anos 2009/2010 *Circuito de 1200m (aprox).*

17:50 h- ALEVINES: Nados entre os anos 2011/2012 *Circuito de 900m (aprox) 3 voltas a praza.*

O rematar a carreira absoluta saldrían os mais cativos:

19:30 h-BENJAMINES: Nados entre os anos 2013/2014 *Circuito de 600m (aprox) 2 voltas a praza*

19:40 h-PREBENJAMINES: Nados entre os anos 2015/2016 *Circuito de 300m (aprox) 1 volta a praza*

19:45 h- PITUFOS: Nados entre os anos 2017/2018 *Circuito de 100m (aprox)*

19:50 h- CHUPETES: Nados entre os anos 2019 ata 2020 *Circuito de 100m (aprox)*

Avituallamento: Líquido no Km 4,5 aproximadamente e especial na liña de meta.

Art. 8º.- SERVICIOS SANITARIOS E SEGURO DE ACCIDENTES.

A Organización disporá dun servizo médico formado por un/ha médico, un/ha enfermeiro/a e unha ambulancia, situados na zona de saída e chegada

A Organización dispón dun seguro de responsabilidade civil segundo a lexislación vixente.

Así mesmo, tódolos participantes non federados, disporán dun seguro de accidentes, por lesións, soamente para o día da carreira, contratado pola organización.

Art. 9º.- DESCALIFICACIÓN.

O servizo médico da competición ou o director de carreira, están facultados para retirar da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente, que non realice o percorrido completo, que non teña dorsal, que manipule a publicidade do dorsal, que manifeste un comportamento non deportivo ou que se reitere en protestas á organización.

Art. 10º.- PERSOAS NON INSCRITAS.

Toda persoa que corra sen estar inscrita, faino baixo a súa responsabilidade, non estará cuberta pola Organización. Se é advertida a súa presenza instaráselle a abandonar o circuíto.

POSTERIOR Á CARREIRA

Art. 11º.- PREMIOS.

O rematar farase a entrega de trofeos, hora estimada 20:00h.

Haberá trofeos para os **tres primeiros da clasificación da proba absoluta**, tanto feminina coma masculina, e serán obsequiados coa cantidade de 100 Euros para o primeiro, 75 Euros para o segundo e 50 para o terceiro. A se mesmo haberá trofeos para **os tres primeir@s clasificados da proba absoluta nados en Mondariz. Tamén haberá trofeos para as categorías da Carreira Absoluta, tanto masculina como femenina.**

Tamén tendrán trofeos as categorías menores tanto masculino como feminino excepto os pitufos e chupetes que serán obsequiados cun agasallo.

Art. 12º.- SERVIZO DE DUCHA.

Os participantes disporán dun servizo de ducha no pavillón de Mondariz ou no Colexio Publico de Mondariz.

Para máis información: Asociación Deportiva Mondariz

info@admondariz.org